

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2015

O próximo 10 de outubro -como cada ano desde 1992- celebramos o Día Mundial da Saúde Mental a iniciativa da Federación Mundial de Saúde Mental (WFMH) e co o apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS).

Co lema internacional deste ano "**Dignidade en saúde mental**" preténdese chamar a atención sobre un elemento imprescindible para poder seguir avanzando cara á eliminación do estigma e a discriminación. Dignidade na percepción social, na asignación de recursos, nos procedementos asistenciais, na relación profesional, na rehabilitación das persoas afectadas, e na atención doutras necesidades individuais e colectivas, xa que seguen sendo materias pendentes neste ámbito da saúde.

Pola súa parte, a Confederación SAÚDE MENTAL ESPAÑA propón o lema "**Ponche no meu lugar, conecta comigo**", que apela á empatía e o coñecemento como eixos da conmemoración do Día Mundial da Saúde Mental. Entre outras iniciativas, puxo tamén en marcha unha campaña dirixida ao buscador *Google*, para tentar que dedique un *doodle* á saúde mental o próximo 10 de outubro.

Como sempre, o **Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA)** de Vigo, ademais de aproveitar esta data para destacar o traballo cotián desempeñado polas entidades que forman parte da nosa organización e polo resto das que operan na cidade, quere adherirse ás accións do **Día Mundial da Saúde Mental** e reiterar o seu compromiso para continuar traballando pola mellora da imaxe das persoas con enfermidades mentais e pola atención das súas necesidades, favorecendo os procesos de normalización social. Entre os obxectivos específicos do PLDA, atópanse desenvolver medidas dirixidas á superación de actitudes discriminatorias e excluíntes, propiciando a xeración dunha conciencia social solidaria e participativa, promover actuacións informativas e de sensibilización cara á comunidade sobre o tratamento e a inserción social no ámbito das drogodependencias, e desenvolver e apoiar medidas institucionais e sociais encamiñadas a mellorar a percepción social da poboación con patoloxía dual.

Vigo, 2 de outubro de 2015

Presidenta do PLDA de Vigo

*Concelleira Delegada da Área de Política Social do Concello de Vigo
Isaura Abelairas Rodríguez*

Director técnico do PLDA

Francisco Otero Lamas